

INFORMACIÓN PARA A INSCRICIÓN E ADMISIÓN NO CURSO GRATUÍTO DE AXUDANTE DE COCIÑA. (20H).

1.- Persoas destinatarias.

Poderán presentar solicitude de participación neste curso todas as persoas interesadas, tendo prioridade aquelas que se atopen empadroadas no Concello de Porto do Son.

2.- Solicitudes e prazo de presentación.

As solicitudes de participación nesta acción formativa deben enviarse ao enderezo electrónico: jose.pazo@portodoson.gal

O prazo de presentación de solicitudes comezará o día 10 de novembro de 2021 e rematará o día 16 de novembro de 2021. Non se terá por admitida ningunha solicitude enviada antes ou despois de dito prazo.

No caso de non cubrirse as prazas, poderase ampliar o prazo de presentación de solicitudes.

3.- Documentación.

A comprobación do empadramento no Concello de Porto do Son será feita de oficio polo Servizo de Orientación Laboral. O envío da solicitude implica a autorización para esta comprobación.

4.- Selección de participantes.

A selección das 10 persoas participantes farase polo sistema de sorteo ante a Secretaría Xeral do Concello. Nunha primeira fase, entrarán no sorteo unicamente as persoas empadroadas no Concello de Porto do Son. De quedaren prazas vacantes tras esta primeira fase, procederase a un novo sorteo entre as solicitudes presentadas por persoas que non se atopen empadroadas no Concello de Porto do Son.

5.- Número de prazas.

Esta acción formativa conta cun total de 10 prazas.

6.- Datas e Lugar de celebración do curso.

O curso terá lugar do 22 ao 26 de novembro na aula de cociña do Viveiro de Empresas de Porto do Son, en horario de 16:30h a 20:30h.

7.- Contidos do curso.

- Coñecemento de elementos e útiles da cociña.
- Conservación e manipulación de materias primas.
- Presentación de pratos.
- Receitas básicas.

8.- Condicións de superación do curso.

A obtención do correspondente diploma de participación require da asistencia a todas as sesións.

Porto do Son, 9 de novembro de 2021.